



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN PIRAGÜISMO DE AUGAS BRAVAS, E TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN PIRAGÜISMO DE AUGAS TRANQUILAS

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 3 de maio de 2018, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas, e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas :

1. Para o artigo 14, punto 1, propónse a substitución do texto: "... a relación profesorado/alumnado será de 1/30"; polo seguinte: "**... a relación profesorado/alumnado será de 1/20 en módulos teóricos e 1/10 en módulos de carácter experimental**". (páxina 14).
2. No Anxo II – Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas, propónse a inclusión dun novo obxectivo: "**x) Recoñecer a importancia da sensibilización e prevención da violencia de xénero**". (páxina 26).
3. No módulo de Factores psicosociais de alto rendemento, apartado C) Contidos (páxina 42), no seguinte punto: Condicionantes psicolóxicos e consideracións específicas da muller deportista de alto rendemento, propónse a supresión da seguinte aliña:
"- Dificultade para manter compromisos a longo prazo".
4. No mesmo módulo, apartado c) Contidos (páxina 42), no seguinte punto: "Condicionantes psicolóxicos e consideracións específicas das persoas deportistas con discapacidade no alto rendemento", propónse a substitución de "persoas deportistas con discapacidade", polo seguinte: "**persoas deportistas con diversidade funcional**".
5. No módulo de Formación de formadores, punto 3 "Programa e dirixe sesións ..." (páxina 55), propónse a adición do seguinte apartado:
"K) Describíronse recursos didácticos e estratexias metodolóxicas que favorezan a non discriminación dos e das deportistas por cuestións de diversidade afectivo-sexual."
6. No módulo común de Formación de formadores, punto 5, apartado g) (páxina 57), propónse a supresión do texto en negriña: "Argumentouse a importancia da atención á diversidade na valoración do éxito deportivo, dando cabida a outros colectivos normalmente menos valorados, **especialmente mulleres e persoas con discapacidade**".
7. No módulo Formación de formadores, punto 5. Promover o desenvolvemento ético e moral do persoal técnico e persoas deportistas de alto rendemento valorando o impacto que os seus comportamentos e actitudes teñen a nivel social, especialmente a través dos medios de comunicación; aliña: "A atención a colectivos desfavorecidos no alto rendemento deportivo: valoración do éxito en mulleres e persoas con discapacidade. Tratamento nos medios de comunicación", propónse a substitución do texto: "persoas con discapacidade"; polo seguinte: "**persoas con diversidade funcional**". (páxina 63).



8. No Anexo III, Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, propónse a inclusión dun novo obxectivo co seguinte texto: **“u) Recoñecer a importancia da sensibilización e prevención da violencia de xénero”**. (páxina 135).
9. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que se implanten estes títulos en instalacións públicas, dado que Galicia conta con hidrografía e rías de abondo para que estas actividades se desenvolvan no ámbito público.
10. Por último, tamén lle recomenda que planifique un mapa de implantación destes títulos que responda á demanda das distintas iniciativas deportivas neste eido.

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.

O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés

